

**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICADO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING E DO PERSOAL MONITOR/COIDADOR DO COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL (AVH 05003 24/28) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022024458). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“Pola concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística remitiuse á Unidade de Contratación a solicitude de tramitación do expediente de licitación do SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DO COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL, acompañando a documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 25.04.2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 101, 116 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), en relación á **documentación integrante do expediente de contratación**, constan incorporados ao expediente a providencia de inicio do expediente, asinada pola concelleira delegada da Área promotora o 11.04.2024; a memoria xustificativa da necesidade do contrato data 18.04.2024 asinada polo xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo na que se xustifican as necesidades administrativas a satisfacer co presente contrato, a idoneidade do seu obxecto para o cumprimento dos fins institucionais propios, os motivos válidos para a non división en lotes do presente contrato, a non afectación da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e a insuficiencia de medios propios que xustifica a súa contratación externa; o Estudio Económico do contrato elaborado por Pilot CCS, de data 4.03.2024; o documento xustificativo do orzamento base de licitación do contrato asinado polo xefe de Servizo e pola técnica municipal de Educación en data 11.04.2024; o informe relativo á proposta de criterios de solvencia, criterios de adxudicación, condicións especiais de execución e demais condicións propostas para o presente contrato e o Prego de Prescricións Técnicas, documentos ambos asinados pola técnica municipal de Educación e polo xefe de Servizo da Área proponente en data 19.04.2024 e 25.04.2024 respectivamente. O anexo ao PPT contén a información relativa ás condicións dos contratos dos traballadores adscritos á execución do contrato facilitada pola actual prestataria do servizo en cumprimento do establecido no artigo 130 LCSP.

Incorpóranse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas redactados para este contrato, de data 06.05.2024 que, xunto cos Pregos de Prescricións Técnicas de data 25.04.2024, rexerán a presente contratación.

Segundo o sinalado na memoria xustificativa de data 18.04.2024, o presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor

escolar, nos 10 centros educativos públicos de Educación Infantil e Educación Primaria do Concello de Ferrol, consistente en:

- A) A elaboración de XANTARES na cociña da empresa de catering prestadora deste contrato, o seu servizo e a vixilancia e atención do alumnado con persoal monitor/coidador.
- B) A elaboración de ALMORZOS, no comedor de cada centro educativo, o seu servizo e a vixilancia e atención ao alumnado con persoal monitor/coidador.
- C) O DESEÑO para a súa posterior posta en marcha a cargo do persoal monitor/coidador coa supervisión e coordinación da persoa encargada da coordinación deste persoal, de PROGRAMAS EDUCATIVOS de desenvolvemento da promoción da saúde, hábitos alimenticios saudables e habilidades persoais, nos horarios de prestación dos servizos citados no apartados A) e B).

Nos termos establecidos no artigo 29.4 LCSP, o contrato terá unha duración inicial de DOUS CURSOS ESCOLARES (2024-2025 e 2025-2026), con posibilidade de prórroga por outros dous cursos máis (2+1+1).

O custo por menú (incluíndo persoal, material, seguros e comidas) nos termos que se detallan na Cláusula XV do prego de prescricións técnicas, por persoa a día, son os seguintes:

SERVIZO	CUSTO DOS SERVIZOS (sen IVE)	CUSTO DOS SERVIZOS (con IVE)
ALMORZO (215 comensais/día)	3,66 € (sen IVE)	4,03 € (con IVE)
COMIDA (396 comensais/día)	6,57 € (sen IVE)	7,23 € (con IVE)

O orzamento máximo do contrato, polos dous cursos de duración inicial, ascende á cantidade de 1.305.335,5 € (IVE engadido), consonte ao detalle anual reflectido na cláusula 15.4 PPT

O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade de 2.372.034 €.

De acordo coa cláusula 15.5 PPT, a achega estimativa máxima a realizar polo Concello de Ferrol-Concellería de Educación para o funcionamento dos 10 comedores escolares polos dous cursos académicos de duración inicial do contrato ascende á cantidade de 350.119 € (IVE engadido), consonte o seguinte detalle:

- Ano 2024: 70.023,80 €
- Ano 2025: 175.059,5 €
- Ano 2026: 105.035,70 €

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 05003-3263-22799/GFA 23101030

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, consonte ao previstos nos artigos 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (TRLFL) e 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a

autorización e o compromiso dos gastos subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, polo que a adxudicación do contrato quedará condicionada, no que se refire ás anualidades e exercicios futuros, á inclusión en cada un dos orzamentos da correspondente consignación adecuada e suficiente.

De acordo co informe do xefe de servizo de Educación de data 18.04.2024, a Ordenanza do prezo público aplicable ao servizo de comedores atópase en tramitación, polo que non se procederá á adxudicación do presente contrato en tanto non se aprobe a dita Ordenanza.

Tendo en conta as características do contrato o procedemento a seguir para a súa adxudicación será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 22.1 letra c), 131, 156 a 158, 145 e 146 LCSP.

Nos termos sinalados no artigo 44 LCSP e 56 no Prego de Cláusulas Administrativas, o presente contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación. O órgano competente para coñecer do recurso especial será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con dirección electrónica: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023).

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipais**, consonte o disposto na Disposición Adicional 3ª da LCSP, apartados 3 e 8.

Visto o expediente instruído e a documentación que o acompaña, unha vez emitidos os preceptivos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipais, propónse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas de data 06.05.2024 e de Prescricións Técnicas, asinado pola técnica municipal de Educación e polo xefe de Servizo da Área propoñente en data 25.04.2024, que rexerán a contratación do **SERVIZO DE CATERING E DO PERSOAL MONITOR/COIDADOR DO COMEDOR ESCOLAR PARA OS CEIP DO CONCELLO DE FERROL** e outorgarlle o seguinte número de expediente AVH 05003 24/28.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 350.119 € (IVE engadido), correspondente á contribución máxima a realizar polo Concello de Ferrol-Concellería de Educación, Universidade e Política Lingüística polos dos cursos escolares que abrangue a duración inicial do contrato (2024-2025 e 2025-2026), e imputalo á aplicación 05003-3263-22799 do orzamento municipal consonte o seguinte detalle estimado de gasto por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	70.023,80 €
2025	175.059,50 €

2026	105.035,70 €
------	--------------

A adxudicación do presente contrato queda sometida á condición suspensiva da aprobación da Ordenanza do prezo público aplicable ao servizo de comedores actualmente en tramitación

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 LCSP, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria, nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e tramitación do oportuno expediente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita”.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE